

Nove compromisos pola comunidade LGTBI+ da Coruña

Orgullo LGTBI+

- Abandonar o modelo actual do Orgullo baseado unicamente en festas, barras e alcohol e implantar un modelo que poña ás entidades LGTBI+ e a reivindicación dos dereitos da comunidade LGTBI+ no centro, evitando a tutela por parte do concello en canto ás actividades a realizar. A festa debe ser algo complementario.
- Integrar ás entidades no proceso de deseño, planificación, execución e avaliación das actividades do Orgullo LGTBI+.

Saúde mental

- Pór en marcha programas para facilitar a contratación de profesionais da saúde mental, especialmente en entidades como a nosa, que traballan con vítimas de delitos.

Recursos habitacionais

- Pór en funcionamento máis recursos habitacionais de emerxencia e garantir que son espazos seguros para a poboación LGTBI+.
- No caso dos recursos de primeira acollida, garantir que as persoas usuarias poidan vivir libremente a súa orientación sexual e identidade de xénero.

Formación en diversidade e en atención a persoas LGTBI+

- Pór en marcha formacións dirixidas ao personal municipal en materia de diversidade e atención ás persoas LGTBI+, especialmente a aquelas que traballan cara ao público ou cuxo labor intersecciona directamente coa nosa comunidade.
- Garantir a formación en diversidade en todos os centros educativos da cidade e que a mesma estea a cargo de entidades LGTBI+ e non se faga a través dunha licitación, que ata o momento só ten favorecido a empresas sen traxectoria recoñecida dentro da comunidade LGTBI+.

Contratos municipais en materia de servizos á comunidade LGTBI+.

- Incluir cláusulas sociais aos contratos públicos para limitalos ás organizacións sen ánimo de lucro, como xa se ven facendo noutras comunidades autónomas e concellos.
- Evitar empregar os criterios de solvencia económica como filtro para que só empresas ou grandes entidades poidan acceder a estas licitacións.

Convenio de observatorio

- Recuperar o orzamento de 2019 para este servizo e que este sexa axustado á taxa de variación do IPC, do 14,10%.

Este compromiso busca mellorar a vida da comunidade LGTBI+ na Coruña, así como pór en valor o servizo público que as organizacións LGTBI+ prestan a toda a cidadanía, no caso de ALAS A Coruña desde hai máis dunha década.